



INTRODUCCIÓN

Neste documento descríbese a forma de cómo solicitar informes meteorolóxicos, os tipos de informe que se emiten, así como as correspondentes taxas.

INFORMES METEOROLÓXICOS

Os informes meteorolóxicos poden solicitarse na páxina web de MeteoGalicia www.meteogalicia.gal premendo en **SOLICITUDE DE INFORMES**, ou a través da páxina web de GAIA, <https://gaia.xunta.es/plataforma//solicitud/newPersistSolicitud/>

Cómpre indicar na solicitude o máis claramente posible as variables, datas e lugares aos que se debe prestar especial atención, así coma o obxectivo ou circunstancias que levan á petición do informe.

Para obter os informes meteorolóxicos, é necesario o pago da correspondente taxa por utilización dos servizos públicos (a información sobre as taxas pódese atopar no seguinte enlace: <https://gaia.xunta.es/plataforma//solicitud/solicitud-informacion/tasas>). Estes informes, firmados polo funcionario de servizo, son remitidos ao solicitante mediante correo ordinario.

Os informes meteorolóxicos poden clasificarse en dous grupos:

1. **Informes de situacións meteorolóxicas de 1 ou varios días.** Nestes informes elabórase unha análise da situación sinóptica de cada día, destacando a presenza de anticiclóns e borrascas ou outros elementos sinópticos que puideran ter influencia nas condicións meteorolóxicas dese día. Axúntase un mapa de isóbaras, sinalando as fronteiras, se as houberse ou fosen representativas. Se o informe o require móstrase unha táboa cos datos que se solicitan na estación meteorolóxica máis representativa da área para a cal é válido o informe. Faise referencia a outras estacións meteorolóxicas xestionadas por MeteoGalicia, si se considera que os datos son de utilidade para completar a descrición do contexto meteorolóxico.

Este tipo de informes teñen asociada a taxa 32.61.01.

2. **Informe dun mes ou varios meses.** Cando se trata de largos períodos de tempo, faise un comentario xeral das condicións sinópticas que prevaleceron durante cada mes, sinalando cómo estas condicións foron afectando ás distintas variables meteorolóxicas: precipitación, temperatura ou vento. Móstrase unha táboa cos datos diarios da variable ou variables solicitadas para a estación meteorolóxica máis representativa da área para a cal é válido o informe. Analízase se nalgún día se superaron os limiares vixentes na actualidade, que sinalan a unha situación meteorolóxica como adversa. Para os días nos que algún dos niveis de alerta (amarela, laranxa ou vermella) foron superados, elabórase un informe detallado semellante ó descrito no apartado 1 deste documento.

Este tipo de informes teñen asociada a taxa 32.61.02.